



RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

OFERTA E SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA A CAMPAÑA DO ANO 2021.

O obxecto da convocatoria é a cobertura de 3 prazas de condutores/as de vehículos de motobomba para a extinción de incendios para a Campaña de Extinción de Incendios do ano 2021, contratacións financiadas pola Consellería do Medio Rural, segundo *Convenio Interadministrativo suscrito entre Consellería do Medio Rural e a entidade local de As Neves, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do PDR de Galicia 2014-2020*, asinado en data 26 de xuño de 2019, que foi obxecto de prórroga, para o ano 2021. Consta no expediente **Terceira Addenda** ao Convenio, asinada en data 30 de decembro de 2020, anteriormente mencionado, que ten como finalidade *compensar ás entidades locais polos gastos extraordinarios que tiveron que asumir para a prestación deste servizo pola aplicación das medidas preventivas derivadas do Covid-19, establecer un réxime de anticipos para as cantidades adicionais que se incrementan por este motivo, substituír determinados controis administrativos e sobre o terreo aplicables a estas axudas, por calquera medio documental suficiente que permita extraer conclusións definitivas e ampliar a vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2021.*

Entre as accións de prevención e defensa contra os incendios forestais a executar polo Concello das Neves no marco deste convenio para o ano 2021, figura a participación na defensa contra incendios mediante a actuación de **1 vehículo motobomba durante 3 meses**. Para tal finalidade se levará a cabo a contratación de 3 prazas de condutores/as coas seguintes características:

Os contratos terán unha duración de tres meses, sendo tódolos contratos a xornada completa. O comezo da operatividade do vehículo motobomba será entre os días 1 e 31 de xullo, por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente, neste caso o período previsto contarase a partir desa nova data, sen que o prazo máximo das actuacións a desenvolver e a súa xustificación superen o límite establecido no convenio.

O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería do Medio Rural, fai que se aproben os seguintes



criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, DISPOÑO:

- 1.- Avoga-la competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local sobre este asunto, en base a Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do sector público.
- 2.- Aproba-las correspondentes ofertas de emprego das prazas antes mencionadas, e tendo en conta que só poderán optar a elas os candidatos que previamente remita ó Concello o Servizo Galego de Emprego.
- 3.- Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados.

BASE PRIMEIRA. REQUISITOS: As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- 1.- Ser español/a ou cidadá de calquera dos Estados Membros da Comunidade Europea.
- 2º Estar en posesión da titulación mínima de: Certificado de escolaridade ou equivalente.
- 3º Estar en posesión do permiso de conducir C e CAP (certificado aptitude profesional).
- 4º Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- 5º Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

BASE SEGUNDA.-A selección efectuarase mediante oferta ao Servizo de Emprego na Oficina de Pontareas, quen propondrá os/as candidatos/as que seleccionará o Concello conforme os criterios establecidos nestas Bases e os criterios establecidos pola Consellería de Medio Rural, segundo Convenio Interadministrativo en vigor, subscrito entre Consellería do Medio Rural e a entidade local de As Neves, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

Tal como se especifica na base sexta do convenio **“Debido á especificidade dos traballos a realizar, priorizaranse os candidatos que teñan experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais, esta experiencia,** e tal como se establece na base quinta do Convenio, o Concello comprométese a *realizar, previamente a contratación do persoal encargado do manexo e actuación do VMB un recoñecemento médico e unha proba física para garantir as condicións de saúde para o traballo a realizar.* A entidade local será responsable de que só se incorporen os motobombistas que superen o recoñecemento médico e as probas de esforzo segundo a recomendación técnica que figura na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre procedementos de elección de persoal para a extinción de incendios. Tamén, figura no punto 6 da citada base sexta, o compromiso, por parte da entidade local a que os *motobombistas realicen un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e*





defensa contra os incendios forestais de 16 horas .

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal>, e na páxina web do Concello das Neves (www.asneves.gal), así como tódolos actos derivados desta contratación.

As solicitudes dos/as candidatos/as enviados polo Servizo de Emprego, formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello das Neves, xunto cos méritos que aporten para a súa valoración, tendo como data límite o día que sexan convocados polo Servizo de Emprego para realizar a entrevista de selección.

BASE TERCEIRA.- Na selección valoraranse os seguinte méritos:

A) Experiencia Laboral

a) Por cada mes traballado ó servizo da Administración Pública, en funcións relacionadas co posto a desenvolver (solo se valorará a experiencia en funcións relacionadas coa extinción de incendios) : 0,20 puntos por mes traballado.

b) Por cada mes traballado en empresas privadas, en funcións relacionadas co posto a desenvolver: 0,05 puntos por mes traballado.

Non se computarán as fraccións de mes.

Puntuación máxima por experiencia laboral 5,50 puntos.

A experiencia acreditarase mediante, os correspondentes contratos laborais e certificado de vida laboral, ou outros documentos que acrediten debidamente este mérito.

B) Cursos relacionados co posto de traballo a desenvolver, expedidos pola Administración Pública:

- Cursos, ata 20 horas: 0,05 por curso.
- Cursos de 21 horas a 50 horas de duración: 0,10 puntos por curso.
- Cursos de 51 a 100 horas de duración: 0,20 puntos por curso
- Cursos de 101 horas de duración en diante: 0,50 puntos por curso

Non se computarán os cursos nos que non veña especificado o nº de horas nin a asistencia a xornadas.

Puntuación máxima por cursos: 2,00 puntos

C) Coñecemento da lingua galega:

Por estar en posesión do Celga 1: 0,10 puntos

Por estar en posesión do Celga 2: 0.15 puntos

Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega: 0.20 puntos

Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 0.30 puntos

Celga 5 ou superiores: 0,50 puntos





Puntuación máxima polo coñecemento da lingua galega: 0,50 puntos

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

D) Entrevista persoal:

Tódolos candidatos deberán realizar unha entrevista cos membros da Comisión de Valoración, na que se tratarán aspectos relacionados coas funcións a desenvolver polos/as candidatos, valorándose de **0 a 2,00 puntos**.

En caso de empate seleccionárase a persoa que teña máis experiencia laboral en tarefas de extinción de incendios.

Tódolos méritos que se aleguen acreditaranse con copia dos títulos ou certificacións orixinais. Os/as traballadores/as seleccionados/as deberán compulsar tódolos documentos previamente a súa contratación.

BASE CUARTA.- A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Dona Ramona Giráldez Carballo, ou persoa en que a substitúa

Vogal: Don Manuel Salvador Fernández Alcántara, ou persoa que o substitúa

Secretaria: Dona M^a Esperanza Goyanes López, ou persoa que a substitúa

BASE QUINTA.- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor dos 3 candidatos que obtivesen a maior puntuación e superasen as probas de aptitude física.

O Sr. Alcalde procederá a efectualo nomeamento, asinándose coas persoas seleccionadas o corresponde contrato laboral de carácter temporal.

En caso de baixas ou substitucións, procederase o chamamento da seguinte persoa, por rigurosa orde de puntuación, na lista resultante desta selección.

BASE SEXTA: presentación de documentación complementaria

Os aspirantes propostos presentarán no rexistro do Concello, no prazo máximo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

Copia da tarxeta de desemprego

Copia da tarxeta da Seguridade Social

Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

BASE SÉTIMA.-Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril,





Concello
As Neves

Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordantes.

O mando e asino, na data e lugar da súa sinatura electrónica, que figura ao marxe deste documento

O ALCALDE

Asdo. Xosé Manuel Rodríguez Méndez

A SECRETARIA

Asdo. Rosa María Cortés Redondo



Cod. Validación: 49PCX9J49PLY6GWYACCQE3WIE9 | Corrección: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8

ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA

Nome e apelidos		
DNI		
Enderezo		
Localidade		
Provincia		Código Postal
Teléfono		

Recibindo convocatoria do Servizo Público de Emprego, para a selección do seguinte posto de traballo: Conductor/a Vehículo Motobomba para a extinción de incendios, mediante contratación laboral temporal polo Concello de As Neves.

DECLARA:

- Que coñezo e acepto integramente o contido das bases de convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade da documentación que achego.
- Qué solicito ser admitido/da a esta selección e comprométome a someterme ás Bases que o regulan.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma, sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

Documentos que achega coa instancia:

- β) DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- χ) Carné de conducir requerido e CAP.
- δ) Declaración Xurada, conforme Anexo II
- ε) Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.





Protección de Datos

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS E CONSENTIMENTO) Concello das Neves (Responsable do Tratamento)

(*)Presto o meu consentimento para a xestión desta solicitude e actuacións administrativas pertinentes, así como do tratamento de datos para poder formar partes do proceso selectivo para o posto ofertado, tanto dos datos da propia solicitude así como da documentación que achego, acepto que ditos datos sexan utilizados para as actuacións administrativas pertinentes e o envío de información de interese xeral, tamén son informado/a neste intre e nas bases desta convocatoria en canto o tratamento e custodia dos datos persoais recabados polo Responsable de Tratamento e digo aceptar o fin da xestión de selección de persoal e a información básica sobre protección de datos deste Responsable de Tratamento (Concello das Neves), sendo a lexitimación o consentimento do/a solicitante.


Información relativa a tratamento e Protección de Datos (RXP) e (LOPDGDD): En cumprimento da **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)** e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXP, informámoslle que os seus datos, serán incorporado o **Registro de Actividades de Tratamento de Perosoal**, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin da xestión e trámite do súa solicitude. No tratamento dos datos aplicaránse as políticas de seguridade que establece o ENS e RXP, información do tratamento que pode consultar en: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1> tamén pode exercer os dereitos que establece o RXP dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en **Praza da Cristiandade 1, AS NEVES (36440) (Pontevedra)** ou vía mail: concello@asneves.gal a, atención da Delegada de Protección Datos, facendo referencia o dereito que desexa exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

(*) marcar cun X no caso afirmativo.

....., de do 2021

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NEVES





ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico-psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ter nacionalidade doutro Estado, declaro igualmente que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

As Neves, _____

Asdo.

